

## TRATAMENTO PARA A MADEIRA DO COMEDOR E DA AULA

### **MATERIAL:**

- **Imprimación:** aceite de liñaza, resinas (entre 34 e 44 euros)  
Para portas, vigas e puntais, poden chegar 5 litros de imprimación.
- **Aceite exterior:** lasur de exterior, base de liñaza
- Degrisante (produto só para as zonas afectadas por fungos, vense zonas grises ou negras)
- **Lixa, brochas e cepillos**
- **Panos** para retirar exceso de aceite . Deixalos secar antes de meter no lixo, pois poden arder.
- **Disolvente:** Se necesitásemos disolvente porque hai "pegoute" de aceite ou resina, habería que utilizar augarrás puro (esencia de trementina)

### **PROCEDEMENTO:**

- **Madeira da superficie lavabos**
  - 1º lixar suavemente
  - 2º pasar un pano húmido para retirar o po
  - 3º dar 2 mans moi finas de imprimación (Esperamos 30 minutos entre man e man).  
Deixar secar 24 horas
  - 4º Se hai posibilidade aplicar aceite duro de chan
- **Zonas máis ou menos ben conservadas no exterior:**
  - 1º lixar suavemente
  - 2º pasar un pano húmido para retirar o po
  - 3º dar 2 mans moi finas de aceite exterior (Esperamos 30 minutos entre man e man).
- **Zonas mal conservadas (negras):**
  - 1º Lixado forte ate que apareza a madeira "limpa" (isto si queremos que quede bonito)  
Existe a opción de empregar un produto "**degrisante**":  
Mesturar nun cubo 1 parte de degrisante por 4 ou 5 de auga. Estender pola zona negra cun cepillo. Esperar 15 minutos e retirar frotando cun cepillo duro (o famoso brush) e con abundante auga.
  - 2º dar 1 ou 2 mans de imprimación (damos a 1ª , esperamos 30 minutos e retiramos o que sobre cun pano. Volvemos a dar a 2ª).
  - Deixar secar 24 horas
  - 3º damos 4 mans de aceite exterior (son 4 mans moi finas. Esperamos 30 minutos entre man e man. É o que aporta a protección ultravioleta). Se é preciso entre man e man dar cunha lixa fina.

Nota: No noso caso é necesario dar imprimación ás portas, vigas e puntais (dende o chan subindo ate medio metro)